



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

  @obloque

Esculturas do Pórtico da Gloria espoliadas pola Familia Franco

No ano 1961 Francisco Franco, artífice da cruenta represión que supuxo a Ditadura franquista na nosa nación, apropiouse pola forza de dúas esculturas do Pórtico da Gloria, en concreto as que se supón se corresponden coas figuras de Isaac e Abraham, que hoxe están expostas na mostra adicada ao Mestre Mateo, no Museo da Catedral de Santiago.

Resulta escandaloso que a día de hoxe, ano 2017, a familia do ditador Francisco Franco siga tendo na súa propiedade estes elementos do patrimonio galego. Este é un símbolo máis da extorsión á que someteu o Franquismo ao noso pobo, e dos privilexios dos que, aínda a día de hoxe, segue a gozar a familia Franco.

Por iso desde o BNG denunciámos a apropiación ilexítima destas esculturas, pois son parte do patrimonio de Galiza e como tales teñen que ser devoltas ao seu lexítimo dono: **o pobo galego**.

QUE NOS DEVOLVAN O ROUBADO!

#FascismoNuncaMáis



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

  @obloque

Sculptures Stolen from Santiago Cathedral by the Franco Family

In 1961 Francisco Franco, responsible for the brutal repression rained down on the Galizian nation during the Dictatorship, removed two figures from the main door of Santiago Cathedral by force, sculptures representing the prophets Isaac and Abraham, currently on display in the exhibition dedicated to the master stonemason, Mestre Mateo, in the Cathedral Museum.

It is an outrage that 50 years later, the family of the dictator Francisco Franco still has these articles of Galizian heritage in their possession. This is yet another symbol of the extortion that Francoism submitted our people to and the privileges which the Franco family continue to enjoy even to this very day.

The Galizian Nationalist Bloc (BNG) denounces the wrongful appropriation of the sculptures which are part of Galiza's artistic heritage and as such should be returned to their rightful owner: **the Galizian people.**

GIVE BACK WHAT THEY HAVE STOLEN!
FRANCOISM NEVER AGAIN!